



RESOLUCIÓN DE OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN DE EXPLOTACIÓN DERIVADA DO PERMISO DE INVESTIGACIÓN “XANCEDA”, Nº 7138 NOS CONCELLOS DE FRADES E MESÍA (A CORUÑA).

Expediente:	CE/AC/07138	
Dereito:	Xanceda	Concellos: Frades e Mesía
Núm. cuadrículas:	25	
Solicitante:	Explotación de Rocas y Minerales, SA	
Asunto:	Proposta de resolución	
Procedemento:	Concesión de explotación derivada	
Tipo de inicio:	solicitude do interesado	Data de inicio: 26/11/2015

FEITOS

- O 26/11/2015, José Antonio Valencia González en nome e representación da entidade Explotación de Rocas Industriales y Minerales, SA (ERIMSA) presentou na Sección de Minas da Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, unha solicitude dunha concesión de explotación de recursos mineiros da sección C), de 25 cuadrículas mineiras, derivada do Permiso de Investigación “XANCEDA” con número de rexistro 7138 de 28 cuadrículas mineiras e situado nos termos municipais de Frades e Mesía na provincia da Coruña.
Xunto coa solicitude presentou un proxecto de Explotación e un Plan de Restauración, asinados por José Antonio Valencia González, enxeñeiro Técnico de Minas, Colexiado núm. 107 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia, con número de visado 212 do 20/11/2015, ase como un Estudo de Impacto Ambiental, un resumo non técnico do proxecto de explotación, un plan de cesamento de actividade e un Informe de viabilidade e solvencia técnica e económica da empresa.
- O 11/11/2016 solicitouse o preceptivo informe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental con obxecto de comezar a tramitación ambiental. O 19/12/2016 este organismo informou que o proxecto debía someterse ao trámite de avaliación ambiental ordinaria e establecendo os órganos aos que debía consultarse, ademais dos establecidos como preceptivos no artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- O 11/11/2016 realizáronse as consultas ás administracións públicas establecidas polo artigo 23 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia e ás establecidas polo órgano ambiental dentro do trámite de avaliación ambiental. En concreto consultouse a: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio, Dirección Xeral de Conservación da Natureza, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal, Augas de Galicia, Instituto de Estudos do Territorio, Concello de Frades, Concello de Mesía, Federación Ecoloxista Galega e Sociedade Galega de Historia Natural. Os informes e condicionados remitidos polos organismos enviáronse ao promotor para a súa contestación.
- O proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental da solicitude de pase a concesión Xanceda, núm 7138 sometéronse ao trámite de información pública por





resolución do 13/02/2017 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña. O anuncio publicouse no DOG núm. 45 do 06/03/2017, no taboleiro de anuncios dos concellos de Frades e Mesía e nas dependencias da Sección de Minas da Xefatura Territorial da Coruña. Durante o período de información pública recibíronse un total de 221 alegacións

- 5 O 15/06/2018, xunto coa contestación aos informes emitidos e as alegacións recibidas, o promotor presentou un Anexo, datado o 13/06/2018, co obxecto de adaptar o proxecto ás consideracións feitas nos informes e alegacións recadadas, respectando as leiras de produción ecolóxica, de maneira que a superficie que se prevé alterar redúcese a 185,72 hectáreas.
- 6 O 23/10/2018, remitiuse ao órgano ambiental a solicitude de avaliación de impacto ambiental, conforme ao establecido no artigo 39 da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, xunto coa documentación resultante dos trámites das consultas ás administracións públicas e da información pública.
- 7 O 29/05/2019 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático acordou facer pública a declaración ambiental do proxecto de explotación da concesión mineira Xanceda, núm. 7138, nos concellos de Frades e Mesía (A Coruña), promovido por Erimisa, na que considera que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpran as condicións que se establecen na DIA, ademais das incluídas na documentación avaliada, prevalecendo o disposto na DIA no caso de que exista contradición. O anuncio foi publicado no DOG núm. 112 do 14/06/2019.
- 8 O 12/06/2019 realizouse a práctica da demarcación das 25 cuadrículas mineiras da concesión de explotación derivada do permiso de investigación “Xanceda”, número 7138, nos concellos de Frades e Mesía, que quedou reflectida no correspondente plano de demarcación que se incorporou ao expediente.
- 9 O 23/07/2019 a Xefatura Territorial da Consellería de Economía Emprego e Industria da Coruña emitiu unha proposta de outorgamento da concesión de explotación ase como de aprobación do proxecto de restauración e fixación das garantías financeiras.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 O Conselleiro de Economía, Emprego e Industria é competente para resolver este expediente de acordo co artigo 16 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.
- 2 O Director Xeral de Enerxía e Minas ten delegada a competencia para resolver este expediente segundo a Orde do 10 de xuño de 2016 do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria sobre delegación de competencias en diversos órganos desta consellería, en relación co artigo 16 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.
- 3 A lexislación aplicable a este expediente é:
 - A Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas.
 - A Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.
 - A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.





- O Real Decreto 2875/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral para o réxime da minería.
- O Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.

4 A solicitude de pase a *concesión de explotación derivada* do Permiso de Investigación “Xanceda” núm. 7138, comprende 25 cuadrículas mineiras das 28 outorgadas no Permiso de Investigación do que deriva.

Está situada nos termos municipais de Frades e Mesía, na provincia da Coruña e designada perimetralmente polas seguintes coordenadas xeográficas:

Vértice	Coordenadas xeográficas ED 50		Coordenadas xeográficas ETRS 89	
	Lonxitude	Latitude	Lonxitude	Latitude
1	8°15'20''	43°06'00''	8°15'25.465''	43°05'55.883''
2	8°14'20''	43°06'00''	8°14'25.463''	43°05'55.884''
3	8°14'20''	43°04'40''	8°14'25.460''	43°04'35.881''
4	8°14'00''	43°04'40''	8°14'05.459''	43°04'35.881''
5	8°14'00''	43°04'20''	8°14'05.459''	43°04'15.880''
6	8°13'40''	43°04'20''	8°13'45.458''	43°04'15.880''
7	8°13'40''	43°04'00''	8°13'45.457''	43°03'55.880''
8	8°14'00''	43°04'00''	8°14'05.458''	43°03'55.879''
9	8°14'00''	43°03'40''	8°14'05.457''	43°03'35.879''
10	8°15'20''	43°03'40''	8°15'25.461''	43°03'35.878''

5 O proxecto de explotación inclúe: Unha memoria onde se definen as zonas de explotación nas que se puxo de manifesto o recurso da sección C) cuarzo, susceptible de aproveitamento racional, e que supoñen unha superficie de 210,22 hectáreas, repartidas en dúas zonas denominadas norte e sur, os labores preparatorios, o proceso de explotación, os equipos necesarios e o ritmo de produción proxectado; unha descrición xeolóxica da contorna e a avaliación das reservas; un estudo xeotécnico; un anexo das instalacións e servizos, o orzamento, un estudo básico de seguridade e saúde laboral e planos.

A explotación prevista se levará a cabo por campañas aproveitando a época estival cun sistema de explotación uniparcelar o cal supón unha temporalidade de tan só dúas ou tres semanas por parcela, tendo os ocos xerados unha profundidade de entre dous e catro metros. O método de explotación será mediante arranque mecánico e cribado total do material extraído, para reter a fracción maior de 40 milímetros que se trasladará á planta de tratamento que a empresa posúe no concello de Frades.

O volume de cuarzo metalúrxico a extraer ascende a 336.353,79 m³. O ritmo de explotación medio será de 11.000 m³ ao ano (19.000 toneladas), polo que se considera que a explotación ten unha vida útil de 30 anos, período para o que se solicita a concesión..

O importe total previsto para a execución destes traballos no suposto de explotación da totalidade do xacemento, ascende a novecentos setenta e catro mil cincocentos tres euros con





setenta e dous céntimos (974.503,72 €).

- 6 O Plan de Restauración está estruturado nas 5 partes que recolle o artigo 3 do Real Decreto 975/2009 e está enfocado a tomar as medidas necesarias para previr ou reducir calquera posible efecto negativo sobre o medio ambiente e sobre a saúde das persoas derivado dos traballos proxectados.

A proposta de restauración consiste na recuperación do valor ecolóxico das zonas afectadas para lograr a súa integración paisaxística mediante acondicionamento da superficie, estendido de terra vexetal e revexetación dos terreos. Con isto preténdese: previr a erosión, diminuír o contraste cromático para corrixir o impacto paisaxístico e permitir que a zona volva a ser invadida pola fauna existente na contorna e recupérense as formacións vexetais.

A metodoloxía mineira elixida no proxecto de explotación, permite que ao final de cada campaña anual os terreos queden totalmente restaurados xa que tras retirar a capa de terra vexetal, arríncase o material co retroexcavadora e depositase nunha cribadora móbil que retén as fraccións aproveitables para cuarzo metalúrxico o cal é cargado para o seu traslado a planta. O sobranse devólvese de novo ao terreo para, posteriormente, proceder á súa restauración.

A terra vexetal procedente da área de explotación, será amoreada e tratada de forma conveniente para a súa posterior utilización nos labores de restauración.

O Plan de Xestión de Residuos, correspondente á Parte IV do contido mínimo marcado polo Real Decreto 975/2009 no punto 1 do seu artigo 3, describe os tipos de residuos que se xerarán durante a actividade da explotación. Fai distinción entre residuos non mineiros e os residuos mineiros. Os primeiros serán xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente por un xestor autorizado. Respecto a os segundos, trátase de substancias inertes e non perigosas, que permanecerán amoreadas en provisións temporais co obxectivo de ser utilizados para os labores de restauración e recheo de ocós.

Establécese unha programación das labores de restauración cun horizonte de 30 anos en función da duración da concesión de explotación. A superficie alterada finalmente será de 185,72 hectáreas.

O importe total previsto para a execución destes traballos no suposto de explotación da totalidade do xacemento, ascende a novecentos setenta e catro mil cincocentos tres euros con setenta e dous céntimos (974.503,72 €).

- 7 O Estudo de Impacto Ambiental contén: unha descrición do proxecto e as súas accións nas distintas fases; un estudo de alternativas, un inventario ambiental, a identificación e valoración dos impactos producidos pola actuación, unha relación de medidas preventivas, correctoras e compensatorias, un programa de vixilancia e seguimento ambiental, un documento de síntese, o estudo de impacto e integración paisaxística e unha avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural.

Nas zonas indicadas no plano Plan de Vixilancia Ambiental, proponse realizar medicións de ruído e anualmente controis da calidade das augas. Comprobarase de forma visual as superficies afectadas, as zonas restauradas, os residuos almacenados e o correcto balizamento das zonas para alterar.

- 8 A solvencia económica da solicitante considérase acreditada xa que da análise da documentación presentada compróbase que a situación financeira da empresa é viable, pois os recursos propios representan máis do 40% do pasivo e a súa ratio de solvencia é maior a 1,5.





- 9 A solvencia técnica da entidade ERIMSA considérase suficiente á vista da relación dos dereitos mineiros dos que é titular e que ven explotando desde hai varios anos, os medios materiais de que dispón para desenvolver a súa actividade (instalacións e maquinaria fixa e móbil) e as titulacións académicas e a experiencia profesional dos técnicos de que dispón.
- 10 No trámite de consultas a organismos recibíronse os seguintes informes.
- O 20/12/2016, o Instituto de Estudos do Territorio emitiu informe no que considera que a explotación solicitada non supoñerá un impacto significativo na paisaxe da zona e entende que as medidas preventivas e correctoras propostas por ERIMSA son eficaces pois axudarán a minimizar os impactos xerados e garantirán a adecuada integración paisaxística.
 - O 11/01/2017 a Dirección Xeral de Ordenación Forestal considera que no lugar de asentamento da explotación non se atoparon afeccións a montes catalogados de xestión pública ou veciñais en man común. Na zona tampouco hai expedientes de subvencións, nin constancia da existencia de montes baixo certificación forestal de sustentabilidade, nin masas de parcelas de experimentación polo que non se atopan circunstancias que impidan o desenvolvemento do citado proxecto.
 - O 27/01/2017 a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, informou que o proxecto de explotación prevé levar a cabo a explotación do mineral en diferentes leiras repartidas ao longo da Concesión de Explotación solicitada e que ningunha delas afecta os contornos de protección dos elementos de patrimonio reflectidos no plan de Mesía, aínda que vese afectado o contorno de protección do elemento E-1 Pombal dá Redonda, localizado nos traballos da prospección arqueolóxica, polo que se precisa de medidas correctoras. Polo tanto condiciona o carácter favorable do informe ao cumprimento das medidas de protección previstas na avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural e engade as seguintes:
 - Modificarase o ámbito das parcelas 39 e 41 da zona Norte para respectar o contorno de protección de 50 metros do elemento E-1 Pombal da Redonda.
 - Deberá realizarse un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de desmonte e aprovisionamento de terra vexetal das fincas localizadas no entorno do Castro de Xanceda (GA 15047004), debendo presentar un proxecto de intervención arqueolóxica axustado ao previsto na lexislación vixente, para a súa aprobación. Este control terá carácter presencial e deberá realizarse baixo o seguimento continuo da persoa que asuma a súa dirección.
 - Os bens do patrimonio cultural localizados e as súas áreas de protección, representarase nunha cartografía a escala significativa. Estas áreas axustaranse ao previsto nas normas urbanísticas vixentes nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 30 das NNCCSS de planeamento do ano 1991.
 - O 17/02/2017 o Concello de Mesía á vista de que as parcelas sobre as que están previstos os traballos de explotación, están clasificadas no PXOM de Mesía como solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección forestal, informa favorablemente.
 - O 01/03/2017, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu un informe considerando que ao recaer a explotación en solo rústico de protección agropecuaria, solo rústico de protección forestal e solo rústico de protección de augas, as actividades comprendidas no ámbito da lexislación mineira, son admisibles conforme ao establecido na Lei 2/2016 do solo de Galicia.
 - O 07/03/2017 o Concello de Frades á vista de que as parcelas sobre as que levará a cabo o proxecto de explotación, son terreos clasificados como solo rústico de protección





agropecuaria, rústico de protección forestal e rústico de protección de augas, emite informe favorable.

- g O 30/03/2017 a Dirección Xeral de Patrimonio Natural tendo en conta a documentación achegada e os datos recibidos do Servizo de Conservación da Natureza da Coruña, emitiu informe no que considera que as actuacións previstas son compatibles coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade e solicita que se teñan en conta as seguintes condicións:
- a) No que se refire a especies ameazadas, ter en conta as previsións da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza e do Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas.
- Evitar a incorporación de sólidos en suspensión á rede fluvial.
 - Salvaguardar integramente os sebes, franxas lineais e masas de frondosas autóctonas, incluso as mixtas, dada a súa relevancia na ecoloxía e na paisaxe.
 - Salvaguardar as árbores autóctonas de crecemento medio-lento que estean illados, sempre que superen os 30 centímetros de diámetro normal.
 - Evitar afectar o sistema radicular das árbores cesando a escavación onde se proxecten horizontalmente as súas copas, cun mínimo de 5 metros de distancia desde o tronco.
- h O 04/05/2017, a Sociedade Galega de Historia Natural, emitiu un escrito no que inclúe diversas solicitudes como: reducir o tempo autorizado de explotación, non autorizar a afección sobre hábitats de conservación prioritaria na UE nin especies incluídas no Anexo II da Lei 42/2007 presentes na zona, extremar as medidas para evitar afeccións sobre o medio ambiente, empregar especies vexetais autóctonas na restauración, etc.
- i O 11/05/2017, a Dirección Xeral de Agricultura, Gandería e Industrias Agroalimentarias emite un informe desfavorable xustificado polo feito de que o gran número de explotacións gandeiras da zona (o maior de toda Galicia) e o peso da actividade agropecuaria, son factores determinantes na economía local e considera que “o proxecto causará graves efectos negativos sobre a produción agro-gandeira”.
- j O 27/02/2018, Augas de Galicia emite un informe no que establece unha serie de condicionantes para a preservación do medio fluvial cando leven a cabo traballos preto das marxes das canles fluviais. Ademais solicita que se presente un plan de vixilancia ambiental para augas superficiais e subterráneas co fin de realizar o seguimento e control da posible afección da actividade á calidade das augas, onde se detalle o deseño dunha rede de puntos de control, os parámetros para analizar e a frecuencia da toma de mostras.

Os informes foron remitidos a ERIMSA para que manifestase canto considerase oportuno en defensa dos seus intereses.

11 Durante o período de información pública recibíronse as seguintes alegacións:

- a A sociedade Unión Distribuidores Electricidade, SA (UDESА) manifestou que en certas áreas onde está previsto exercer actividade mineira por parte de ERIMSA existen liñas eléctricas de distribución da súa titularidade e consideran necesario coordinar os traballos a fin de minimizar os riscos para o que solicitan que previo ao comezo da explotación ERIMSA deba coordinarse con UDESА.
- b José Joaquín López Ares e Vicente López Ares no seu nome e este último en representación de “SAT Leira Arousa” realizan as seguintes alegacións:
- Que non puideron acceder á totalidade do expediente, xa que non puideron analizar os planos relativos aos distintos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados e a súa





incidencia sobre os predios afectados por non constar aportados á administración e polo tanto non expoñerse ao público, circunstancia que entenden son un motivo de nulidade deste procedemento ao abeiro do disposto no artigo 47,1,a e e da Lei 39/2015 e os artigos 36 e 37 da Lei 21/2013.

- Que a documentación exposta adoece de graves deficiencias legais como formais, ademais de omisións documentais que xeran indefensión aos administrados.
- Que a documentación exposta non ten en conta, entre outras, os mandatos, esixencias e formalidades da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia, xa que non se realizou un procedemento e estudo especial que contribúa a mitigar os efectos prexudiciais que se poden xerar coa explotación sobre as estabulacións gandeiras da zona.
- Que non se cumpren os requisitos e esixencias contemplados nos artigos 33 e seguintes da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental e, en concreto o artigo 35, xa que o estudo de impacto ambiental no es completo, resulta parcial e interesado e non se axusta á realidade, xa que carece, entre outros, dun programa de vixilancia ambiental.
- Que non lles consta que se teñan observado nin respectado neste procedemento as esixencias recollidas na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de Prevención e Control Integrados da Contaminación nin na lexislación paisaxística desta Comunidade Autónoma.
- Que non se da cumprimento á Lei 3/2008, do 23 de maio, de Ordenación da minaría de Galicia, en relación cos informes que de forma preceptiva deben constar no correspondente expediente e exporse publicamente para o coñecemento e no seu caso, eventual formulación de alegacións polos administrados.
- Que non se cumpre co artigo 24 da precitada Lei 3/2008 que esixe que cando un dereito mineiro afecte a outros dereitos ou intereses públicos, como ocorre no presente caso, o órgano mineiro competente deberá pronunciarse sobre a súa compatibilidade ou incompatibilidade ase como a súa prevalencia.
- Que tampouco se contemplan na documentación exposta os valores de especial protección inherentes ao solo afectado, solo rústico de especial protección, nas súas distintas categorías e que é de altísima produtividade agropecuaria. Que a documentación exposta no trámite de información pública non contempla os dereitos preexistentes sobre concesións de auga como tampouco se analizan nin referencian as traídas, pozos, couces de auga e mananciais existentes na zona e que indubidablemente resultarán afectados. E que tampouco se analiza o grave impacto que se producirá sobre a vexetación de ribeira, do po en suspensión e as súas incidencias sobre a saúde da poboación, dos animais e vexetación da zona, sobre as augas subterráneas e o impacto sobre a paisaxe.
- Que non se ten en conta o impacto socio económico que se produce sobre as persoas e explotacións da zona de afección, na que existen varias explotación ecolóxicas para as que a detracción das superficies a explotar no proxecto de extracción de cuarzo metalúrxico é absolutamente incompatible con esa actividade.
- Que a planimetría exposta pola administración non se axusta á realidade actual, xa que o parcelario presentado tanto no proxecto de explotación como no estudo de impacto medioambiental non ten en conta a concentración parcelaria levada a cabo na zona de Xanceda e Mesía con toma de posesión efectiva o 24/04/2013, polo que consideran que as conclusións que se deriven do procedemento teñen que ser necesariamente equivocadas e se viciaría de nulidade a totalidade do procedemento administrativo.
- Denuncian a ausencia do oportuno informe do organismo autónomo Augas de Galicia e do





Servizo de Infraestruturas Agrarias e do Servizo de Conservación da Natureza, cos que se podería comprobar como a explotación pretendida é incompatible cos valores existentes e merecedores de protección existentes na zona.

- Que a falta de aprobación do plan sectorial da Minaría de Galicia invalida a autorización do uso extractivo ao abeiro do disposto no artigo 36 da Lei 2/2016.
- c Isabel Vilalba Seivane e Margarita Prieto Ledo, secretaria xeral e coordinadora respectivamente do “Sindicato Labrego Galego”, José Ignacio Echezarreta, secretario xeral de “Verdegaia”, Eliseo Gabriel Baluja Casales como representante da asociación “A Terra Non Se Vende” e no nome das asociacións “Galiza Non Se Vende” e “A Ría Non Se Vende”, Anxo Reigosa Solleiro, representante da asociación “Salvemos Monteferro”, Cándido Martínez Rodríguez no seu propio nome e no nome do “Colectivo Ecoloxista Luita Verde” e da “Plataforma en Defensa dos Montes do Morrazo” presentan escritos sustancialmente idénticos nos que alegan:
- Que non consta que no procedemento se dese cumprimento ao disposto no artigo 21.2 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.
 - Que o proxecto parte duns planos de parcelas e dunha información que non se corresponde coa realidade, xa que a maior parte da zona afectada foi obxecto de concentración parcelaria recentemente.
 - Que non consta que se teña declarada a prevalencia do uso mineiro sobre os usos agrícolas existentes, aos que consideran de interese público.
 - Que non se cumpriu o artigo 17,k) da Lei 3/2008 de ordenación da minaría de Galicia xa que non lles consta a existencia do preceptivo certificado municipal sobre a situación urbanística do lugar onde se pretende levar a cabo a explotación.
 - Que observan información imprecisa e insuficiente no estudio de impacto ambiental.
 - Que o Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galicia aínda non foi aprobado definitivamente.
 - Que o proxecto supón un forte impacto socio – económico no ámbito territorial ao que afecta.
 - Que a comarca de Ordes está declarada como zona de especial interese agrario polo Decreto 206/2007, do 25 de outubro.
 - Que a ausencia dun estudo hidrolóxico ou xeotécnico podería derivar no risco probable de que as catas e calcatas mineiras realizadas poidan variar os niveis freáticos, cambiar os acuíferos locais, provocar cambios localizados no caudal dos mananciais e nas direccións de fluxo e provocar desabastecemento dalgún núcleo de poboación. Ao mesmo tempo, a ruptura do nivel freático pode tanto causar inundacións localizadas como o descenso de caudal en determinados mananciais con consecuencias nefastas para a agricultura e gandería.
 - Que debe terse presente o relativo ás concesións de augas a favor de familias e explotacións que tamén implican unha utilidade pública. Consideran que se provocarán danos irreparables e o ataque a dereitos recoñecidos polas normas de carácter xeral ou os dereitos concretos que outorga a obtención dunha concesión de augas.
 - Que se provocará un impacto sobre o ciclo hidrolóxico dos solos afectados traducido nun incremento da escorrenta superficial e arrastre do solo por erosión, nunha diminución ou impedimento para a recarga dos acuíferos (fontes, pozos, traídas veciñais de auga, etc) e nun incremento do perigo de inundacións; tamén hai impacto sobre a calidade das augas





que supón un arrastre de partículas do solo, fertilizantes, nutrientes, herbicidas, etc. producindo a contaminación das augas e un impacto sobre a biodiversidade agraria que supón a desaparición de aves.

- Que a actividade agrogandeira e os usos actuais do terreo deben prevalecer sobre os pretendidos usos mineiros.
- d José Luis Grobas Cernadas cuestiona se no subsolo podan existir outros recursos mineiros aparte do cuarzo que pretende explotar ERIMSA, polo que entende que sería bo que a Xunta de Galicia con seus propios técnicos o en colaboración co Ministerio competente na materia fixeran un estudo do que, en realidade, existe alí.
- e Juan Varela Méndez presenta alegacións en base á afección directa que terá o proxecto sobre diversas leiras da súa propiedade utilizadas para pasto de carácter ecolóxico:
- Que nos terreos nos que se levaría a cabo a actividade mineira pertencen na súa maioría, á concentración parcelaria da zona dada a importancia da actividade agropecuaria que consideran que non se tivo en conta e demandan un trámite de compatibilidade de actividades. Lembra que a comarca de Ordes, incluíndo os concellos de Frades e Mesía, foi declarada de especial interese agrario.
 - Que non se realizou o proceso especial indicado no artigo 3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia.
 - Que a perda da cualificación ecolóxica e das axudas da PAC implicaría o peche inmediato da explotación.
 - Que o parcelario presentado tanto no proxecto de explotación como no estudo de impacto medioambiental non ten en conta a concentración parcelaria levada a cabo na zona de Xanceda e Mesía con toma de posesión efectiva o 24/04/2013, que ten suposto unha enorme transformación do terreo que o estudo ambiental non recolle.
 - Que nin o proxecto nin o estudo de impacto ambiental contemplan as traídas de auga legalizadas, pozos de auga e mananciais que quedarán afectados
 - Que o transporte do material explotado vai ter consecuencias na rede viaria, deseñada para fins agrícolas.
 - Que no expediente non consta o informe municipal preceptivo que esixe a Lei 3/2008 de ordenación da minaría de Galicia.
 - Que a documentación presentada non ten en conta a compatibilidade de dereitos mineiros e outros usos de interese público, en concreto a concentración parcelaria que se acaba de terminar que considera claramente prevalente sobre outros usos.
 - Tamén fai mención ao suposto impacto sobre os acuíferos e a perda de drenaxe que se pode producir no terreo pola retirada de parte do material grosso, que supoñería tanto inundacións localizadas, como descenso do caudal en determinados mananciais.
 - Que a falta de aprobación do plan sectorial da Minaría de Galicia invalida a autorización do uso extractivo ao abeiro do disposto no artigo 36 da Lei 2/2016.
 - Que a explotación provocará a deterioración irreversible da estrutura e da estabilidade dos agregados do solo o cal eliminará a funcionalidade actual e potencial de este, prexudicando aos cultivos e destruíndo así o medio de vida da maior parte da poboación.
 - Que o po xerado pola actividade mineira xerará riscos sobre a saúde das persoas.

Con fundamento no anterior solicita que se retiren as súas propiedades afectadas do plan de explotación proposto por ERIMSA por ser incompatible coa súa actividade e se anule a





documentación e trámite de concesión.

f) Ismael Antonio López Pérez da “Asociación autonómica e Ambiental Petón do Lobo” e María del Carmen Varela Velo, presidenta de la “Asociación ambiental Cova Crea” presentan alegacións que coinciden na meirande parte do seu contido e que se resumen en:

- Que as zonas de aproveitamento mineiro coinciden coas fincas de pasteiro e sementados de marcado carácter e uso agrícola e gandeiro e que o proxecto previsto elimina a súa funcionalidade, polo que o cambio de uso dos solos está prohibido ao causar danos irreversibles.
- Que a empresa contempla expresamente a eliminación do solo.
- Que, en relación ao estudo de impacto e integración paisaxística, non se delimitan as unidades paisaxísticas na súa valoración, nin os usos dos solos. Que a empresa fala de medidas correctoras, pero non de integración paisaxística e hai ausencia de medidas compensatorias.
- Que este tipo de proxectos deben ser rexeitados pola súa temporalidade e porque o custo social que implican é inasumible hoxe por hoxe en Galicia.
- Que non se realizan alusións ás augas superficiais e alteración dos recursos hídricos pola ausencia de estudo hidroxeolóxico e ausencia de valoración da contaminación de acuíferos, couces e impactos significativos sobre os acuíferos e controis das augas superficiais, sendo insuficiente o control anual previsto pola empresa. Que cumpre facer un estudo sobre o estado actual dos couces próximos.
- Que o cambio de uso das parcelas non debe afectar á masa de frondosas existentes, que deben manterse na súa integridade e totalidade, para preservar a masa de bosque autóctono galego, manter a conectividade dos ecosistemas, manter a súa funcionalidade e evitar a erosión dos solos. As masas de frondosas existentes na parcela deben ser obxecto de preservación, e non de deterioración, polo que tampouco deben empregarse como pantallas vexetais para reter o po, como indica o promotor no seu proxecto.
- Que o estudo de impacto e integración paisaxística non é tal e que a empresa fala de medidas correctoras, pero non de verdadeiras medidas de integración paisaxística e queda obviada calquera medida compensatoria.
- Que non se menciona nada con respecto aos valos de pedra das fincas tradicionais, o que pode supor unha eliminación do patrimonio inmaterial.
- Que a empresa non acredita a dispoñibilidade dos terreos, nin sequera dos que puideran ser da súa propiedade.
- Que hai unha falla de licencia social para un proxecto que afecta significativamente e de xeito irreversible ao medio de vida de gandeiros e gandeiras, elimina a funcionalidade actual das terras, deteriorándoas de xeito irreversible e defrauda as expectativas de fixación de poboación no rural. Que a oposición social ao proxecto de Erimsa é palmaria, pública, notoria e manifesta.
- Que hai unha falla de análise de impactos significativos sobre a saúde da poboación, das ganderías e dos ecosistemas naturais por ruído e po.
- Que non consta o grao de afección das vibracións as vivendas mais próximas e ás explotacións gandeiras.
- Que se constata a ausencia dun plan de xestión de residuos e descoñécese o volume previsto de acumulación de residuos mineiros, nin o plan de seguridade da mesma que garante a súa integridade.





Polo exposto solicita o rexeitamento do proxecto.

- g A xunta de goberno do “Concello de Mesía” maniféstase en contra do proxecto por:
- O carácter eminentemente agropecuario, de alta rendibilidade dos terreos afectados polo proxecto.
 - A inexistencia dun plan sectorial de actividades extractivas de Galicia ou un proxecto sectorial.
 - A prevalencia dos intereses agrarios sobre os mineiros.
 - A declaración do solo de especial protección agropecuaria do Concello de Mesía como Zona de Especial Interese Agrario.
 - A vinculación no rexistro da propiedade da total superficie das parcelas das explotacións agropecuarias existentes con licenza municipal, as construcións e usos autorizados, expresando as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas pola autorización autonómica.
 - A perda da produtividade do terreo polos traballos de extracción e posterior restauración e a afección ás condicións hidrográficas do terreo.
 - O rexeitamento social as actividades extractivas.

Achegan un informe nomeado “Análise e diagnóstico de efectos directos sobre a zona agraria de Xanceda afectada pola concesión de explotación derivada do Permiso de Investigación mineira Xanceda núm. 7138, promovido por ERIMSA”, elaborado polo enxeñeiro agrónomo José Luis Varela Fernández.

- h Luís Guillermo Martínez Ruiz, director xerente da “Casa Grande de Xanceda” alega:
- O valor ambiental da zona onde a súa empresa desenvolve a súa actividade.
 - Que o proxecto suporía a destrución dos valores ambientais esenciais e a desaparición da empresa.
 - Que a documentación presentada por Erimsa presenta deficiencias e non avalía adecuadamente os impactos reais da explotación mineira. En concreto que o proxecto parte duns planos de parcelas e dunha información que non se corresponde coa realidade, xa que a maior parte da zona afectada foi obxecto de concentración parcelaria recentemente.

Para reforzar as súas alegacións achega o mesmo informe de análise e diagnóstico presentado polo Concello de Mesía e un “Informe de afectación do plan mineiro de extracción de cuarzo denominado ‘Xanceda’ sobre parcelas certificadas en ecolóxico” asinado por Manuel M^a Cancio Álvarez, Director Técnico do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA).

- i Patricia Miranda Espiñeira da Asociación rural de veciños e usuarios e consumidores "Mesía Unida" alega:
- Que existe falta de información xeral e falta de coñecemento por gran parte dos afectados, polo que procede facilitar a información e expoñer o proxecto ao público no concello de Mesía, ase como anuncialo publicamente polos bandos tradicionais.
 - Que se observan moitas deficiencias tanto no proxecto como no estudo de impacto ambiental que afectan ao interese xeral, aparte da gran importancia da institución da concentración parcelaria.
 - Que será o principio do fin da gran actividade agrícola e gandeira da comarca, xa que este é o primeiro de outros tres enormes proxectos que pretende a mesma empresa na comarca.





- Que a documentación que se presenta ignora a realidade dun macroproxecto mineiro na práctica que pretende eludirse pola fragmentación de proxectos, xa que adxacentes ou contiguos á solicitude Xanceda 7138 existen outros tres proxectos o permisos de investigación que é mais que verosímil que se convertan en solicitudes de concesión: Marís, Andrea 7137 e Lamosa.
 - Que a empresa Erimisa leva case 30 anos na zona e as súas prácticas ambientais deixan moito que desexar porque son, en parte, destrutivas para o medioambiente e para a poboación da zona.
- j M^a del Carmen Freire Sánchez, José M.^a Núñez Cao, José Jaime Rodríguez Suarez, José Manuel Rodríguez Suárez e María Josefa Suárez Suárez, presentan escritos idénticos nos que repiten parcialmente os argumentos expostos nas alegacións presentadas polo Sindicato Labrego Galego e outros no punto c deste apartado.
- k Marcos Abalde Covelo, María Abelleira Fontán, Alfonso Alonso Salgueiro, César Álvarez Fernández, Miguel Álvarez Fernández, Lucía Álvarez Vázquez, Purificación Ares Pérez, Antón Arias Curto, Sara M.^a Barcea Penas, Miguel Barja Vázquez, Sandra Barros Barcala, María Isabel Berdomás Beis, M^a Dolores Bermúdez Vázquez, Walter Blanco Graña, José Luis Cao López, José Cao Sesmonde, M^a Teresa Carro Losada, M^a Ángeles Casteleiro Rial, M^a Carmen Castro Calvo, Paulina Ceremuzynska, Hermitas Cernados Carro, Daniel Conde Casado, Xosé Ramón Cortés Martínez, Carmen Costoya Garea, Consuelo Costoya Garea, M^a Xesús Costoya Garea, Carmen M.^a Cuquejo López, Anxo Dacal Jardón, Camilo de Dios Fernández, Manuel Iglesias Dobarrio, Lois Domínguez Bermúdez, Pablo Dominguez Loidi, Manuel Domínguez Rial, Noa Estévez Pérez, Pilar Fernández Abades, Matilde Fernández Fernández, Davide Fernández García, Rocío Fernández García, Bernardino Fernández Jedros, Constantino Fernández Rodríguez, Beatriz Ferro Gallego, Begoña Freire Sánchez, M^a Elena García Beiro, Eva García Blanco, Tomás García García, Abel García González, Isabel Gianzo González, José Gil Rey, Eva Gómez Diego, Miguel Gómez Jardón, Jorge Gómez Moar, Anabel González Eiriz, Henrique González Martínez, Brais González Pérez, Carmen Graña Iglesias, M^a Amparo Graña Iglesias, José Jaime Grobas Cao, M^a José Grobas Cernadas, M^a José Grobas Garaboa, Adolfo Grobas Vázquez, Amparo Iglesias Dobarrio, Ángeles Iglesias Dobarrio, Baldomero Iglesias Dobarrio, Pilar Iglesias Dobarrio, Iago Iglesias Reviejo, Miguel Iglesias Reviejo, Sabela Iglesias Reviejo, Uxía Iglesias Reviejo, Gonzalo Iglesias Rodríguez, Gonzalo Iglesias Sueiro, Xiana Iglesias Villaverde, Roberto Antonio Justo Bello, Elvira Lama Fernández, David Lama Jimenez, Olalla López Barro, M^a Julia López Fabello, Esperanza López González, Ramón López Verdini, María Losada Cuquejo, Xose Luis Losada Ruiz, Pablo Martearena Pérez, Silvia Martín Morcillo, Sonia Martínez Mosquera, Patricia Martínez Vilariño, Gonzalo Mencía Castro, Marco Manán, Carlos Montero Basadre, Manuel A. Muñoz Macho, Julio Negueruela Vázquez, Beatriz Noya Barreiro, Jesús Núñez Cao, Eva Oro Villarino, Manuel Pardo Pacheco, M^a José Pardo Pacheco, Brais Pardo Rúa, Tomás Pardo Rúa, Iago Pedreira Costoya, Iria Pedreira Costoya, Xosé Antón Pedreira Mirás, Pedro F. Pedrouzo Devesa, Elsa Pereira Rodríguez, Carlos Pérez Fernández, Diego Pérez Gago, Manuel Severiano Pérez García, José Luis Pérez Mira, Alexandra Pérez Sangiao, Severiano Pérez Suárez, Adriana Pérez Villanueva Francisco Pérez Villanueva, M^a Teresa Pérez Villanueva, Alba Prol Cid, Xiana Quintas Iglesias, José Ignacio Ramos Castro, Sandra Ramos Fernández, Alberto Manuel Ramos Ríos, Loreto Reviejo Ares, Miguel Angel Reviejo Ares,





Isabel Rey Fernández, Andrea Rico Adegá, Alberto Ríos Iglesias, Jesús Ríos Sánchez, Ana María Rúa Freire, José María Saiz Mata, Ángeles Salgado Iglesias, Belén Salgado Iglesias, Marta Salgado Iglesias, Manuel Alejandro Sánchez Blanco, José Luis Sánchez Díaz, Inés Sánchez del Río, José Eduardo Sánchez García, Noelia Sánchez Grobas, José Felipe Sanjurjo Castro, Ana Seijo Cuba, Oscar Senra González, Purificación Suárez Ares, Xose Antonio Taboada, Andrés Taboada Casteleiro, David Taboada Casteleiro, Marina Tallón Canido, M^a Ramona Tanoira Otero, Natividad Tojo Mosquera, Dolores Torrealba Beltrain, Javier Varela Fernández, Manuel Varela García, Laura Varela Suárez, Marinha Vázquez Agra, Celia Vázquez Lameiro, Noemí Vázquez Nogueiras, Verónica Vázquez-Pena Suárez, Natalia Veiga Galindo, María Vieites Calvo, Iria Villar Rodal, M^a Carmen Villarino Limia e M^a Xesús Villaverde Salgueiro presentan escritos idénticos nos que repiten parcialmente os argumentos expostos nas alegacións presentadas polo Sindicato Labrego Galego e outros no punto c deste apartado.

- l M^a Antonia Ares Seoane, M^a José Botana Castro, Sofía Dono García, Mari Luz Farto Villaverde, Alejandro García González, Anxo Garea González, Carmen Golpe Lago, Isabel Gómez Fernández, Karla Gómez Liñares, Hilario López Ares, Jesús López Ares, Lucas López Botana, Eugenio López Castro, Jesús López Castro, José Antonio López Castro, Joaquín López Golpe, Santiago López Golpe, M.^a Jesús Mantiega Álvarez, Javier Mosquera Fernández, José Manuel Raposo López, Sara Rivadulla Carro, Inés Sánchez Recouso, María Silva Gómez, Luis Vilanova Casal e Marcial Vilariño Espiñeira, presentan escritos idénticos nos que repiten parcialmente os argumentos expostos nas alegacións presentadas polo Sindicato Labrego Galego e outros no punto c deste apartado.
- m Antonio Bello Souto, José Manuel Carro Losada, Juan Carlos Dono Sánchez, Nuria Garaboa Carro, José M. Lesta Cruz, José Joaquín López Ares, Alvaro Moital Davila e M^a Josefa Suárez Suárez, presentan escritos idénticos nos que repiten os argumentos expostos nas alegacións presentadas polo Sindicato Labrego Galego e outros no punto c deste apartado.
- n M^a Teresa Alonso Sangregorio, Manuela Ares García, José María Barreiro Sanjurjo, Sabela Fraga Costa, José María Fuentes Espiñeira, Clara Lata Ares, Jon Mata Sánchez, M^a José Mata Sánchez, Antonio Núñez Cao, Josefina Pacheco González, José María Pérez Pérez, Adela Sánchez Calzada, Ana M^a Sánchez Calzada, José Angel Sánchez Sánchez e M^a Celia Sánchez Suárez, presentan escritos idénticos nos que repiten os argumentos expostos nas alegacións presentadas polo Sindicato Labrego Galego e outros no punto c deste apartado.

As alegacións presentadas foron remitidos a ERIMSA para que manifestase canto considerase oportuno en defensa dos seus intereses.

12 En relación cos informes emitidos, ERIMSA respondeu nos seguintes termos:

- a Con respecto ao informe desfavorable da DX de Agricultura, Gandería e Industrias Agroalimentarias, presenta alegacións nas que desvirtúa a afirmación feita no devandito informe, acerca de que o proxecto causará graves efectos negativos sobre a produción agrogandeira, ao sinalar que a empresa xa levou a cabo na zona unha explotación de características similares nunha extensión de 1.195,95 hectáreas, mediante o cribado de 870





leiras titularidade de 613 propietarios sen ter ningunha incidencia, o que corrobora achegando un informe asinado pola Doutora Enxeñeira Agrónomo Dna. M^a da Luz Gil Docampo, Profesora Titular da Universidade da área de Enxeñería Cartográfica, Geodésica e Fotogrametría do departamento de Enxeñería Agroforestal da Universidade de Santiago, que pon de manifesto as sinerxias da actividade extractiva cos procesos de concentración parcelaria así como o incremento da produtividade dos terreos tras a explotación, baseado en datos obtidos das explotacións previas da entidade ERIMSA na zona.

Ademais engade que os datos achegados pola devandita Dirección Xeral non se cinguen á superficie real afectada polo proxecto xa que este só afectaría a 159,81 ha das 7.957,46 ha ocupadas polas parcelas agrícolas existentes na zona (é dicir un 2,12 %).

- b) Con respecto ao informe emitido por Augas de Galicia, expoñen que o proxecto xa expresa que manterá unha distancia mínima de 100 m ás masas de auga identificadas, que non se afectará ás augas subterráneas nin o seu fluxo, que na área de actuación non existen zonas protexidas, nin humidaís, nin zonas inundables nin ARPSIS fluviais identificados e que no caso de atoparse algún, se actuará conforme á lexislación vixente adoptando as medidas oportunas para non afectalo.

13 Con respecto ás alegacións recibidas, ERIMSA presenta un informe de valoración elaborado por Felipe Macías Vázquez, catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola e coordinador do laboratorio de tecnoloxía ambiental do Instituto de Investigacións Tecnolóxicas da Universidade de Santiago de Compostela, que sinala e refuta distintos erros presentes nas alegacións, en referencia á perda de fertilidade dos solos, aos graves riscos para a saúde, ao perigo de contaminación e inundacións, etc. que entraña o proxecto. Xustifica que son perfectamente compatibles a explotación mineira, tal e como propón o proxecto, e a agricultura e gandería, podendo retomar estas tras a fase de explotación coas mesmas ou maiores garantías de produtividade.

14 As contestacións anteriores recóllense ase mesmo no anexo ao proxecto, datado o 13/06/2018, co obxecto de adaptalo ás consideracións feitas nos informes e alegacións recadadas, respectando as leiras de produción ecolóxica, de maneira que a superficie que se prevé alterar redúcese a 185,72 hectáreas, levándose a cabo a explotación dentro das áreas finais indicadas no plano núm. 2 do dito anexo, as cales foron seleccionadas en función das reservas minerais existentes e tendo en conta as restricións ambientais e urbanísticas.

Xunto coa anterior documentación, ERIMSA incorporou ao expediente un acta notarial no que manifesta a súa renuncia ao dereito de expropiación que lle outorga a Lei de Minas, o seu compromiso de non interferir nos labores agrícolas e gandeiras ao ser conscientes da súa gran importancia como motor económico da zona, a deixar as leiras libres e completamente recuperadas no período de tempo máis curto posible, pactando con cada propietario o inicio da actividade e o estado final do terreo e a excluír todo tipo de edificacións pertencentes ás explotacións agrícolas e gandeiras, así como vivendas, infraestruturas públicas, zonas de recoñecido valor ambiental, ríos, complexos deportivos, estradas e bens do patrimonio cultural, ase como 802 escritos de apoio á actividade procedentes da recollida de firmas feita polo comité de empresa de ERIMSA.

15 A Declaración de Impacto Ambiental do 29/05/2019 considera que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumplan as condicións que se establecen nesa declaración, ademais das





incluídas na documentación avaliada, e prevalece o disposto na DIA no caso de que exista contradición.

- 16 No que respecta ao informe desfavorable emitido pola Dirección Xeral de Agricultura, Gandería e Industrias Agroalimentarias, a Declaración de Impacto Ambiental recolle un novo informe remitido á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático no que non presenta obxeccións ao desenvolvemento do proxecto a condición de que se teñan en conta as consideracións do seu último informe: exclusión das parcelas arrendadas na campaña correspondente da PAC, exclusión do proxecto das parcelas dedicadas a agricultura ecolóxica, restituir as parcelas afectadas en condicións agrarias e ambientais adecuadas e renuncia á expropiación forzosa.
- 17 Á vista das alegacións recibidas, a contestación da empresa promotora e o resto de documentación que consta no expediente cumpre dicir:
- a As alegacións relativas ao procedemento de avaliación ambiental do proxecto teñen sido contestadas na Declaración do 29/05/2019.
 - b No que respecta á proximidade de liñas eléctricas de distribución da sociedade UDESA, o punto 6,3 da Instrución Técnica Complementaria 07.1.03, Traballos ao descuberto, desenvolvemento das labores, do Regulamento Xeral de normas básicas de seguridade mineira, aprobado polo Real decreto 863/1985, do 2 de abril, de obrigado cumprimento durante a fase de explotación, xa establece as medidas de seguridade que deben adoitar os explotadores mineiros para desenvolver traballos nas proximidades de liñas aéreas eléctricas, debendo coordinarse coa titular das instalacións eléctricas no caso de ser necesario.
 - c No procedemento administrativo deuse cumprimento ao disposto no actual artigo 23 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, constando no expediente a solicitude de informes as administracións públicas, en concreto á municipal, afectadas polo proxecto.
 - d No expediente consta o preceptivo certificado municipal sobre a situación urbanística do lugar onde se pretende levar a cabo a explotación, polo que se cumpre o establecido no artigo 18,k (antigo 17,k) da Lei 3/2008 de ordenación da minaría de Galicia.
 - e O procedemento de compatibilidade de dereitos mineiros e con usos de interese público está reservado á afección dunha solicitude sobre outros dereitos mineiros preexistentes ou outros usos de interese público. Non consta a existencia doutros dereitos mineiros afectados e a referencia ao interese público da concentración parcelaria límitase ao procedemento desenvolvido, pero non aos bens particulares que puidesen resultar afectados polo proxecto en tramitación.
 - f A división parcelaria do terreo non afecta ao réxime xurídico da concesión de explotación solicitada, que se debe axustar ás denominadas cuadrículas mineiras e en ningún caso aos límites dos predios afectados, para os que, ademais, non é necesario dispor da súa titularidade ou dereito de uso con carácter previo ao seu posible outorgamento.
 - g Non é de aplicación a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia, xa que a solicitude de outorgamento da concesión de explotación non implica a constitución dun coto mineiro dos establecidos no título XI da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas.
 - h A non aprobación definitiva do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galicia non impide a tramitación de solicitudes de outorgamento dun dereito mineiro.





- i Os pretendidos riscos que produciría o desenvolvemento do proxecto sobre os recursos hídricos da zona baséanse en consideracións teóricas xenéricas. No expediente consta un informe do organismo autónomo Augas de Galicia no que se establecen unha serie de condicionantes para a preservación do medio fluvial cando leven a cabo traballos preto das marxes das canles fluviaais. Non obstante, no caso de que o desenvolvemento das labores afectase a algunha subministración ou concesión de auga existente, o explotador estará obrigado a desenvolver as medidas necesarias para garantir os dereitos preexistentes.
- j No que respecta á afección aos predios con compromiso de mantemento de agricultura ecolóxica, estes teñen sido eliminados expresamente do proxecto polo promotor, en tanto estean suxeitas a ese compromiso, o que está expresamente recollido como condición na Declaración de Impacto Ambiental do 29/05/2019.
- k En canto á afección ao resto de fincas particulares, non consta no expediente ningunha solicitude de expropiación de acordo coa Lei de Expropiación Forzosa do 16 de decembro de 1954, constando no expediente unha renuncia expresa da promotora do proxecto de non acudir a ese procedemento, o que está expresamente recollido como condición na Declaración de Impacto Ambiental do 29/05/2019, polo que só se explotarán aquelas leiras nas que exista previo acordo cos seus propietarios.
- l No que respecta á suposta fragmentación de proxectos pola existencia doutros dereitos mineiros adxacentes ou contiguos a esta solicitude, cumpre indicar que a lexislación mineira exige, para poder solicitar unha concesión de explotación, que estea demostrado de modo suficiente a existencia do recurso mineiro, mediante un estudio de factibilidade, exixencia que non se cumpría no momento da solicitude deste dereito no caso dos demais dereitos mineiros mencionados nas alegacións.

18 No expediente administrativo consta una proposta da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de outorgamento da concesión de explotación Xanceda, núm. 7138 e de aprobación do correspondente plan de restauración, propoñendo as seguintes condicións adicionais:

- a Deberanse cumprir as condicións impostas na Declaración de Impacto Ambiental do 29/05/2019 e en particular as seguintes:
 - Só se explotarán aquelas leiras nas que exista previo acordo cos seus propietarios, en consonancia coa renuncia expresa da empresa explotadora ao dereito de expropiación forzosa que a lei outorga aos titulares dunha concesión mineira.
 - Quedan excluídas as parcelas seguintes en tanto estean suxeitas ao compromiso de mantemento de agricultura ecolóxica, é dicir na zona norte elimínanse de forma completa as subzonas 9, 11, 12, 13, 15, 28, 29 e 30, e de forma parcial as subzonas 3, 7, 8, 10, 16, 26 e 44, e na zona sur a subzona 15.
- b O titular debe iniciar os traballos de explotación no prazo dun ano, que se computará a partires do día seguinte á notificación da resolución de outorgamento, e comunicar á Xefatura Territorial a data do inicio dos traballos de explotación.
- c Á vista da planificación da explotación por campañas anuais na época estival e para o mellor control polo órgano mineiro, considérase necesario a comunicación de inicio dos traballos para cada campaña coa indicación das leiras nas que se vai a actuar.
- d A sociedade ERIMSA, para asegurar o cumprimento do disposto no plan de restauración e para responder do cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos,





deberá constituír unha garantía financeira ou equivalente ante esta consellería, por calquera das formas recollidas no artigo 32.2 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, polos importes seguintes:

- Garantía fixa por un importe de 101.112,60 euros, equivalente ao 4% do orzamento de financiamento.
 - Garantía variable por un importe de 162.417,25 euros que responda do cumprimento do Plan de Restauración Ambiental das labores realizadas durante o primeiro período de 5 anos.
- e O Plan de restauración deberá revisarse cada cinco anos, segundo contempla o RD 975/2009, Por outra banda, cando nun plan de labores anual se prevexa que os custos de restauración da superficie realmente alterada vaian a superar a cantidade depositada como garantía por ese concepto, o titular da concesión de explotación deberá propoñer a revisión desa garantía financeira.

Á vista do anteriormente exposto RESOLVO:

- 1 Outorgar a concesión de explotación derivada de permiso de investigación de recursos mineiros da sección C) Xanceda, núm. 7138, da provincia da Coruña, de 25 cuadrículas mineiras, nos termos municipais de Frades e Mesía, na provincia da Coruña e designada perimetralmente polas seguintes coordenadas xeográficas segundo o plano de demarcación que se xuntará ao título de concesión:

Vértice	Coordenadas xeográficas ED 50		Coordenadas xeográficas ETRS 89	
	Lonxitude	Latitude	Lonxitude	Latitude
1	8°15'20''	43°06'00''	8°15'25.465''	43°05'55.883''
2	8°14'20''	43°06'00''	8°14'25.463''	43°05'55.884''
3	8°14'20''	43°04'40''	8°14'25.460''	43°04'35.881''
4	8°14'00''	43°04'40''	8°14'05.459''	43°04'35.881''
5	8°14'00''	43°04'20''	8°14'05.459''	43°04'15.880''
6	8°13'40''	43°04'20''	8°13'45.458''	43°04'15.880''
7	8°13'40''	43°04'00''	8°13'45.457''	43°03'55.880''
8	8°14'00''	43°04'00''	8°14'05.458''	43°03'55.879''
9	8°14'00''	43°03'40''	8°14'05.457''	43°03'35.879''
10	8°15'20''	43°03'40''	8°15'25.461''	43°03'35.878''

por un período de trinta anos. Este outorgamento implica a aprobación expresa do proxecto de explotación asinado por José Antonio Valencia González, enxeñeiro Técnico de Minas, Colexiado núm. 107 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia, con número de visado 212 do 20/11/2015.

- 2 Aprobar o plan de restauración da concesión de explotación Xanceda, núm. 7138, asinado por José Antonio Valencia González, enxeñeiro Técnico de Minas, Colexiado núm. 107 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia, con número de visado 212 do 20/11/2015.





- 3 A Concesión de explotación outórgase condicionada ao cumprimento das seguintes condicións adicionais:
- a Deberanse cumprir as condicións impostas na Declaración de Impacto Ambiental do 29/05/2019 e en particular as seguintes:
- Só se explotarán aquelas leiras nas que exista previo acordo cos seus propietarios, en consonancia coa renuncia expresa da empresa explotadora ao dereito de expropiación forzosa que a lei outorga aos titulares dunha concesión mineira.
 - Quedan excluídas as parcelas seguintes en tanto estean suxeitas ao compromiso de mantemento de agricultura ecolóxica, é dicir na zona norte elimínanse de forma completa as subzonas 9, 11, 12, 13, 15, 28, 29 e 30, e de forma parcial as subzonas 3, 7, 8, 10, 16, 26 e 44, e na zona sur a subzona 15.
- b Á vista da planificación da explotación por campañas anuais na época estival e para o mellor control polo órgano mineiro, considérase necesario a comunicación de inicio dos traballos para cada campaña coa indicación das leiras nas que se vai a actuar.
- c De acordo co establecido no artigo 32 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, a sociedade ERIMSA constituirá, antes do inicio dos traballos, unha garantía financeira ou equivalente pola suma dos seguintes importes:
- Un importe de 101.112,60 euros, equivalente ao 4% do orzamento de financiamento, para responder do cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos.
 - Un importe de 162.417,25 euros que responda do cumprimento do Plan de Restauración Ambiental das labores realizadas durante o primeiro período de 5 anos.
- O prazo para presentar na Xefatura Territorial o xustificante da constitución desta garantía será dun mes computado a partir da recepción da notificación do outorgamento.
- 3 O titular debe iniciar os traballos de explotación no prazo dun ano, que se computará a partires do día seguinte á notificación da resolución de outorgamento, e comunicar á Xefatura Territorial a data do inicio dos traballos de explotación.
- 4 ERIMSA deberá presentar aos cinco anos do inicio dos traballos a revisión do Plan de restauración establecida polo RD 975/2009 e deberá propoñer a revisión da garantía correspondente ao cumprimento do Plan de Restauración Ambiental cando no correspondente plan de labores anual estea previsto que o custo de restauración das superficies realmente alteradas vaia a superar a cantidade depositada por ese concepto.
- 5 Para asegurar o cumprimento das condicións da autorización do plan de restauración, e do seu calendario de execución, a entidade explotadora contará, de acordo co establecido no artigo 44.2 do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, cun organismo de control que cumpra o disposto no anexo III do dito real decreto.
- O control realizado polo citado organismo efectuarase polo menos cunha periodicidade anual desde o comezo das actividades de explotación.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ao da notificación desta





XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería de
Economía, Emprego e Industria

Edificio Administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer 2, 1º e 2º andar
15071 A CORUÑA
Tel: 981 18 49 01 - 981 18 49 02
web: ceei.xunta.gal



resolución, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, ou ben, recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que proceda. Notifíquese esta Resolución aos interesados segundo o art.40 da Lei 39/2015 citada.

Santiago de Compostela,
O conselleiro de Economía, Emprego e Industria
P.D. Orde 10/06/2016 – DOG núm.131 , do 12/07/2016

O director xeral de Enerxía e Minas
Ángel Bernardo Tahoces



Xacobeo 2021

